

NOTA DE PRENSA

OS ORIENTADORES EDUCATIVOS DE GALICIA CELEBRAN A SÚA PRIMEIRA ASAMBLEA COMO ASOCIACIÓN PROFESIONAL

A Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia, APOEGAL, xuntou o pasado día 26 de febreiro a medio centear de profesionais das catro provincias en Santiago de Compostela nunha xornada marcada pola adversidade meteorolóxica. A asociación, formalmente constituída fai case un mes, celebraba así a súa primeira Asamblea Ordinaria, na que quedou en evidencia o interés destes profesionais por aunar esforzos na defensa e promoción da labor que desenrolan.

Organizar Encontros Científicos cada ano, propor proxectos de colaboración á Consellería de Educación, reivindicar necesidades, ou publicar folletos informativos dirixidos á sociedade en xeneral son algúns dos obxectivos plantexados para este ano por la Xunta Directiva.

La constitución de APOEGAL responde a unha demanda do propio colectivo, que desde fai algún tempo detectou a necesidade de xuntar esforzos e coordinar actuacións de cara a optimizar o funcionamento dos Departamentos de Orientación distribuídos polos diferentes puntos da xeografía galega.

O nacemento da asociación prodúcese nun momento no cal os orientadores profesionais son máis imprescindibles que nunca no asesoramento cotidiá a profesores, alumnos e familias; na detección de dificultades entre un alumnado diverso e multicultural, na orientación dun profesorado que reclama formación e recursos, e na necesaria coordinación con outros servizos educativos, sanitarios e sociais para paliar os altos índices de fracaso escolar do alumnado (posto en evidencia no informe Pisa 2004).

APOEGAL nace, pois, cunha idea clara: defender e promocionar a Orientación Educativa en todas as súas vertentes. Tamén son fines da asociación:

- A defensa dos seus asociados e asociadas.
- A formación dos seus integrantes mediante a organización de congresos, cursos, seminarios... e a formación doutros colectivos desde a perspectiva da Orientación Educativa.
- O intercambio de experiencias profesionais.
- A aproximación ás novas tecnoloxías e a súa aplicación nas tarefas profesionais.
- A edición de boletines e revistas informativas.
- A colaboración coas Administracións Públicas ou outras institucións en proxectos ou iniciativas relacionadas coa orientación.
- A firme aposta pola educación de calidade e a diversidade.
- O asesoramento ós afiliados e afiliadas.

Có convencimento de que internet debe servir de nexo de unión cotidiano entre os orientadores/as educativos/as galegos/as, y de éstos co resto de análogos colectivos españoles e doutros países, APOEGAL ten previsto desenrolar unha plataforma de comunicación e formación virtual que o faga posible.

Persona de contacto: José Luis Diéguez Ruibal, Teléfono: 677056578